

## **NORMATIVA DA UNIVERSIDADE DE VIGO SOBRE A SOLICITUDE E DEFENSA DO GRAO DE LICENCIATURA (Aprobada no Consello de Goberno do 24 de novembro de 2016)**

A Lei orgánica 4/2007 do 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001 do 21 de decembro de universidades, establece unha nova estrutura das ensinanzas e títulos universitarios españois en consonancia cos obxectivos establecidos para a construción do Espazo Europeo de Educación Superior.

Debido á implantación dos estudos de grao, as titulacións LRU extínguense na Universidade de Vigo nos tres cursos académicos seguintes, de acordo coas súas *Directrices propias sobre Estructura e Organización Académica dos Plans de Estudos*, aprobadas pola Xunta de Goberno do 13 de setembro de 1999. Na Universidade de Vigo, están extinguidas todas as licenciaturas excepto a de Física (que se extinguirá definitivamente o 31 de agosto de 2017).

Tendo en conta a extinción das titulacións LRU, cómpre establecer un prazo máximo para que o alumnado licenciado interesado poida optar ao Grao de Licenciatura pola Universidade de Vigo en algunha das dúas modalidades: Exame de Grao ou Tese de Licenciatura.

Por isto, o Consello de Goberno, na súa sesión do 24 de novembro de 2016 acorda:

### **1. PRAZO PARA A SOLICITUDE DO GRAO DE LICENCIATURA**

Establécese un prazo máximo para a solicitude do Grao de Licenciatura (Modalidade: Exame de Grao ou Tese de Licenciatura):

	<b>Prazo máximo de solicitude</b>
<b>Licenciaturas extinguidas na Universidade de Vigo</b>	<b>31/05/2017</b>
<b>Licenciatura de Física</b>	<b>28/02/2018</b>

## 2. PRAZO PARA A DEFENSA DO GRAO DE LICENCIATURA

Establécese un prazo máximo para a defensa do Grao de Licenciatura (Modalidade: Exame de Grao ou Tese de Licenciatura):

	<b>Prazo máximo de defensa</b>
<b>Licenciaturas extinguidas na Universidade de Vigo</b>	<b>28/12/2018</b>
<b>Licenciatura de Física</b>	<b>31/07/2019</b>